

Modificación calendario fiscal 2020

Por Decreto da Alcaldía de 27 de marzo de 2020 modifícase o **calendario fiscal** para o exercicio 2020 quedando tal e como se detalla a continuación:

PRIMEIRO

O período voluntario de ingreso das liquidacións tributarias e de ingresos de dereito público practicadas polo Concello de Rianxo e debidamente notificadas, con vencemento o 20 de marzo, o 5 de abril ou o 20 de abril, ampliáse ata o 30 de abril.

SEGUNDO

En base a todo o exposto anteriormente, procede modificar o Calendario Fiscal 2020 aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 125/2020, o 25 de febreiro de 2020, nos termos que se indican a continuación: o período voluntario de ingreso das seguintes débedas ampliáse tal e como se describe a continuación:

Concepto	Período cobro anterior	Ampliación período cobro en voluntario	Data carga domiciliados
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	Do 23/03/2020 ata o 23/05/2020	Do 01/04/2020 ata o 01/07/2020	06/04/2020
Taxa polo servizo de recollida e tratamento de residuos 1º trimestre	Do 23/03/2020 ata o 23/05/2020	Do 01/05/2020 ata o 01/07/2020	05/05/2020

TERCEIRO

LUGAR DE PAGAMENTO:

- Entidades colaboradoras: ABANCA, CAIXABANK, BANCO SANTANDER. Os contribuíntes deberán dispoñer previamente dos documentos de ingreso necesarios. As entidades colaboradoras non poderán establecer limitacións respecto aos días e horas para efectúa-lo pago, debendo aceptalos, durante o período voluntario de ingreso indicado, e dentro das horas de caixa.
- A través da Banca electrónica e en caixeiro automático, nas entidades colaboradoras anteriores que o permitan.

- Na Web municipal <http://concelloderianxo.gal/> a través da pasarela de ABANCA co código do documento de ingreso.

FORMA DE PAGAMENTO

De acordo co disposto no artigo 60.1 da LXT o pago da débeda tributaria efectuarase en efectivo. Tamén poderá empregarse como medio de pago a tarxeta de débito ou de crédito.

EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS

Aos efectos de posibles alegacións, os padróns publicaranse no BOP con anterioridade á data de inicio do período voluntario de ingreso.

RECURSOS



Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, poderá formularse recurso de reposición, previo ao recurso contencioso administrativo, perante o alcalde, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo..

ADVERTENCIA:

Segundo dispón o artigo 24.2.b) do Regulamento Xeral de Recadación, transcorrido o período voluntario de pagamento, iníciase o período executivo, que determinará a esixencia do recargo de constrinximento, nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei Xeral tributaria, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

POSIBILIDADE DE MODIFICACIÓN:

No caso de que por razóns de diversa índole alleas ao Concello non se puideran poñer ao cobro os padróns fiscais nas datas mencionadas, o Concello de Rianxo resérvase a facultade de modificar o calendario aprobado cando, eses motivos, debidamente xustificados polos departamentos responsables, impidan a xestión dos tributos nas datas indicadas, informando aos cidadáns de tal circunstancia con suficiente antelación

Rianxo, 30 de marzo de 2020

Asinado dixitalmente, polo alcalde.
Adolfo Muiños Sánchez